

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º BACHARELATO

MATERIA: PSICOLOGÍA

CURSO 2020-21

IES DAVID BUJÁN

CAMBRE (A CORUÑA)

PROFESORES:

Francisco Daniel García Carracedo

Beatriz Parga Massa

INDICE

1. Introducción e contextualización
2. Contribución ás competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
3. Concreción dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
4. Grao mínimo de consecución para superar a materia
5. Secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
6. Concrecións metodolóxicas
7. Materias e recursos didácticos
8. Avaliación:
 - 8.1.Criterios de avaliación
 - 8.2.Procedementos e instrumentos de avaliación
 - 8.3.Criterios de cualificación
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
10. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
11. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato (cambios de modalidade ou de idioma)
12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
13. Medidas de atención á diversidade.
14. Elementos transversais.
15. Contribución do departamento ao Proxecto Lector.
16. Contribución do departamento ao plan TIC.
17. Contribución do departamento ao Plan de Convivencia.
18. Actividades complementarias e extraescolares.
19. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

MATERIA: PSICOLOXÍA

1. INTRODUCCIÓN

A LOMCE define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas na educación secundaria obrigatoria e bacharelato. O **currículo** estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e de etapa educativa; as competencias, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis; e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.

Seguindo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, nesta programación entenderase por:

1. **Obxectivos:** referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
2. **Competencias:** capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
3. **Contidos:** conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.
4. **Criterios de avaliación:** referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr,

tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

5. **Estándares de aprendizaxe avaliáveis:** especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
6. **Metodoloxía didáctica:** conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A MATERIA DE PSICOLOXÍA

A psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación. Desde uns antecedentes históricos afastados, moi ligados ao desenvolvemento do saber filosófico, a psicoloxía evolucionou cun cariz, en certo xeito, bifronte. Por unha banda, ten unha indubidable filiación humanística; por outra parte, a súa temática busca regularidades e explicacións científicas. Con estas características distintivas, polo seu obxecto de estudo e a súa metodoloxía, a psicoloxía pode considerarse unha disciplina moi interesante para o alumnado de segundo de bacharelato, cunha indubidable vertente práctica, na medida en que lle axudará a coñecerse mellor como individuo e a desenvolverse como persoa e, ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita.

A propia complexidade, inscrita de seu no propio ser humano, faise visible na súa capacidade de relación con outros saberes, sinaladamente coa bioloxía, a socioloxía, a química e, desde logo, a filosofía. O significativo carácter dual da psicoloxía pode axudar a desenvolver e adquirir as seguintes competencias clave: comunicación lingüística; competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; competencia dixital; aprender a aprender; competencias sociais e cívicas; ecoconciencia e expresións culturais. Trátase, xa que logo, dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, pode converterse en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

A materia de *Psicología* en 2º de BAC, é unha materia de libre configuración ofertada polo centro e á que se pode acceder desde calquera das vías do Bacharelato. Como o seu nome indica, entendese como unha introdución á materia de *Psicología* de 2º BAC. Trata de acercar ao alumnado á disciplina e espertar o seu interese neste campo. Estamos a falar dun tipo de coñecementos fundamentais para o mundo actual, xa que serven tanto de orientación da propia conduta, como de introdución aos coñecementos específicos que precisa calquera profesional da saúde.

1.1 OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

No marco da LOMCE, considerase que o Bacharelato deberá a contribuír a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu medio social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

1.2 OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE PSICOLOXÍA

Para esta materia consideramos esenciais os seguintes obxectivos propostos para o Bacharelato, obxectivos que adecuaremos aos contidos específicos da materia:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, fundamentalmente adquirindo os coñecementos científicos necesarios para sustentar unha igualdade de xénero e o respecto aos dereitos dos individuos, insistindo no especial dereito á saúde, tanto física coma psíquica.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, para o que serán especialmente útiles os coñecementos adquiridos na materia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non

discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos e o estatuto específico da psicoloxía como ciencia e os seus límites.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural, relacionando o ámbito da materia con diferentes expresións culturais.
- ñ) Impulsar condutas e hábitos saudables en relación coa saúde psíquica.

2. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. O decreto 86/2015. Do 25 de xuño, incorpora a clasificación e denominación das competencias clave para educación permanente definidas pola Unión Europea.

Considérase entón, que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que

logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral

Estas competencias, de acordo coas especificacións da lei, son:

- Comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.(CMCCT)
- Competencia dixital.(CD)
- Aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais.(CCEC)

2.1 COMO CONTRIBÚE A MATERIA DE INTRODUCCIÓN Á PSICOLOXÍA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS

A materia de *Psicoloxía*, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico, a capacidade de aprender sobre o mundo (CMCCT) e moi particularmente sobre a propia capacidade de aprender e as súas técnicas (CAA). A actualidade dos seus contidos e as múltiples experiencias prácticas permiten un tratamento transversal da materia que incide no coñecemento das relacións entre os diferentes ámbitos da cultura (CSC) e fai necesario usar as redes sociais e o tratamento da información procurando deste xeito un dominio nestes eidos (CD). Como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autoconhecimento, o xenuíno desenvolvemento persoal, é unha materia que permite desenvolver o espírito emprendedor (CSIEE). A metodoloxía que aplicaremos na materia insistirá de forma especial na capacidade expositiva do alumnado, tanto de forma escrita e icónica como verbal (CLL).

Para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, realizaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitirán ao

alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Serán os estándares de aprendizaxe avaliáveis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

Para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, realizaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Serán os estándares de aprendizaxe avaliáveis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas. Na táboa do seguinte apartado aparece a concreción dos estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

O decreto 86/2015, do 25 de xuño, recollese a concreción curricular correspondente a esta materia. Esta organízase en seis bloques: "A psicoloxía como ciencia", "Fundamentos biolóxicos da conduta", "Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria", "Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento", "A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade" e "Psicoloxía social e das organizacións". O decreto sostén que “desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social. En suma, a materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico aplicado ao seu raio de acción, pero tamén nunha vertente práctica: como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autoconhecimento, o xenuíno desenvolvemento persoal”.

Introdución á Psicoloxía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A psicoloxía como ciencia				
b e h l	B1.1. A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX. B1.2. Constitución da psicoloxía como saber autónomo. B1.3. Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes.	B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.	PSB1.1.1. Explica e constrúe un esquema da historia da psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o seu recoñecemento como saber independente definindo as acepcións do termo psicoloxía ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais.	CAA
a	B1.4. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt,	B1.4. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus	PSB1.4.1 Realiza mapas conceptuais ou esquemas acerca das seguintes teorías:	CAA

Introdución á Psicoloxía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g h	humanismo e psicobioloxía. B1.5. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.	inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.	psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.	
			PSB1.5.1. Analiza e valora criticamente textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.	CCL
			PSB1.5.2 Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.	CD CSIEE
Bloque 2. A percepción				
b d e g h l m	B2.1. Percepción: elementos e fases do proceso. A sensación B2.2. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía. B2.3. Leis da percepción da Gestalt. B2.4. Ilusións ópticas e trastornos perceptivos.	B2.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información.	PSB2.2.1 Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, das leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías).	CSIEE
			PSB2.2.2 Procura e selecciona información, utilizando páxinas web, acerca dalgúns tipos de ilusións ópticas..	CD
3. Imaxinación. Memoria				
b d e g m	B3.1. A memoria. Atención e concentración. B3.2. Tipos de memoria. Relación entre eles e utilidade que teñen na aprendizaxe humana. B3.3. O recordo e o esquecemento	B3.1. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgúns teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as	PSB3.2.1. Analiza e valora a importancia dalgúns dos efectos producidos na memoria por desuso, interferencia, falta de motivación, etc., e expón as súas consecuencias de xeito argumentado.	CAA CD

Introdución á Psicoloxía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		súas achegas na súa propia aprendizaxe.	PSB3.3.1. Procura e selecciona información en páxinas web e libros especializados, acerca das principais causas do esquecemento, tales como as fisiolóxicas, as producidas por lesións, por represión, por falta de procesamento, por contexto inadecuado, etc., e elabora conclusións.	CCL
Bloque 4. Aprendizaxe e intelixencia				
b d e g h m	B4.1. Distinción entre conduta aprendida e conduta intelixente B4.2. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.	B4.2. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.	PSB4.2.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.	CSIEE
b d e g m	B4.3 Tipos de intelixencia	B4.3. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de medición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana.	PSB4.3.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas PSB4.3.2 Analiza o que é o pensamento, apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións.	CSIEE CCEC
Bloque 5. A Motivación. A vontade				
b	B5.1. Concepto de motivación	B5.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa	PSB5.1.1. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito	CSIEE

Introdución á Psicoloxía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g m	B5.2. Teorías sobre a motivación B5.3. A motivación na vida psíquica B5.4. O acto voluntario	relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.	laboral e educativo, analizando a relación entre motivación e consecución de logros.	
			PSB5.4.1 Indaga sobre as características do acto voluntario identificando exemplos concretos	CSIEE

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

A distribución dos contidos corresponde a cinco bloques xerais

-Bloque I: A psicoloxía como ciencia

1. A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XX.
2. A psicoloxía científica
3. Obxectivos que caracterizan a psicoloxía..
4. Metodoloxías da investigación psicolóxica.

-Bloque II: Fundamentos biolóxicos da conduta

1. Anatomía do cerebro humano.
2. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.
3. Áreas do cerebro e as funcións que executan.
4. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías.

-Bloque III: Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria

1. A percepción
2. A memoria. Atención e concentración

-Bloque IV: Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento

5. Aprendizaxe
6. Intelixencia

-Bloque V: A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade.

1. A motivación
2. A personalidade
3. A emoción e os afectos
4. As psicopatoloxías

-Bloque VI: Psicología social e das organizacións

1. Cultura e socialización
2. Psicología de masas
3. Psicología no mundo laboral

O grao mínimo de consecución para superar a materia será o seguinte:

Bloque I: A psicología como ciencia. O obxecto na psicología e a súa constitución como un saber autónomo. As distintas teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobiología. Metodoloxías da investigación psicolóxica

Bloque II: Fundamentos biolóxicos da conduta. O estudo cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta humana .

Bloque III: Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria. O proceso da percepción. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicología. Distintas concepcións da memoria. Utilidade da memoria na aprendizaxe humana. Esquecemento: causas. Tipos de atención. Alteracións da atención.

Bloque IV: Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento Tipos de aprendizaxe. Factores que inflúen na aprendizaxe. Teorías actuais sobre a intelixencia. Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.

Bloque V: A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade. A importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos. A frustración. Teorías da personalidade. Fases do desenvolvemento da personalidade. Teorías sobre a emoción. Comunicación emocional: linguaxe verbal e non verbal.

Bloque VI: Psicología social e das organizacións. Os procesos de socialización. A orixe social das actitudes persoais. Aplicación da psicología no mundo laboral

5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

A agrupación dos contidos da materia en bloques non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada. Permite organizar de diferentes formas os elementos do currículo e adoptar a metodoloxía que o profesorado considere máis adecuada ás características da aprendizaxe e do alumnado a quen vai dirixida.

Temos que ter en conta a extensión do temario e que esta materia contará con 2 horas á semana, polo que o profesor deberá adaptar ditos contidos ás necesidades do alumnado, facendo fincapé nos temas que considere adecuado, sen esquecer os obxectivos xerais da materia.

a) 1ª avaliación:

Bloque I

Bloque II

b) 2ª avaliación:

Bloque III

Bloque IV

c) 3ª avaliación:

Bloque V

Bloque VI

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de comentario e análise de texto, definición conceptual e, ademais, tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias tanto coa vida cotiá como con outras materias.

Dado o carácter humanístico-científico desta disciplina, cremos que debe desenvolverse preferentemente desde un punto de vista transversal e práctico. A fin de proporcionarlle ao alumnado un contexto en función dos seus intereses académicos e persoais, os traballos propostos terán un desenvolvemento transversal que permita, por unha parte, adquirir os

coñecementos disciplinares e, por outra, aplicalos a contextos culturais, sociais ou disciplinares do seu interese.

Esta metodoloxía pasa pola xeración de tarefas ou situacións-problema que o alumnado deberá resolver facendo un uso axeitado dos coñecementos disciplinares e integrando diferentes competencias. Incluirá prácticas de traballo individual e cooperativo.

Coa finalidade de comprobar uns mínimos nos coñecementos da materia por parte do alumnado, realizaranse cuestionarios de aplicación de coñecementos en cada avaliación. Estes cuestionarios serán pechados co fin de garantir a súa obxectividade.

6.1 CRITERIOS METODOLÓXICOS

En relación co exposto anteriormente, a proposta didáctica da materia de *Psicoloxía* elaborouse de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinariedade: presentar os contidos cunha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos da materia cos doutras disciplinas.
- Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, estes criterios deben ter en conta os criterios de avaliación transversais a todo o temario de Introducción á Psicoloxía de 1.º de Bacharelato, que son os seguintes:

1. Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos significativos e breves, pertencentes a pensadores destacados.
2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
3. Seleccionar e sistematizar información obtida de diversas fontes.
4. Analizar e argumentar sobre cuestións relacionadas coa materia , elaborando de forma colaboradora esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.

6.2 ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

A forma de conseguir estes obxectivos queda, en cada caso, a xuízo do profesorado, conforme co seu propio carácter, a súa concepción do ensino e as características do seu alumnado.

Non obstante, resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen, do xeito en que cada un considere máis apropiado, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación.

As estratexias expositivas

Preséntanlle ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as propostas introdutorias e panorámicas e para ensinar feitos e conceptos; especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

Non obstante, resulta moi conveniente que esta estratexia se acompañe da realización polo alumnado de actividades, que posibiliten enlazar os novos coñecementos cos que xa posúe.

As estratexias de comentario e análise textual

Preséntanlle ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe elaborar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a textos, argumentacións e debates problemáticos nos que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo, á súa vez, a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer o alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

As técnicas didácticas en que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destacamos polo seu interese as tres seguintes:

- As tarefas sen unha solución clara e pechada, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar o alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.
- O estudo de casos ou feitos e situacións concretas como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.
- Os proxectos de investigación, estudos ou traballos de redacción habitúan o alumnado a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía, a formular preguntas e a adquirir experiencia na busca e a consulta autónoma. Ademais, facilítanlle unha experiencia valiosa sobre o traballo dos especialistas na materia.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos escóllense tendo en conta as decisións tomadas na programación da materia no referente ós obxectivos, contidos e á metodoloxía. Ademais deben responder ás características dos alumnos/as, aos obxectivos educativos que se queren conseguir, á inclusión de contidos de diferente natureza, e á incorporación de actividades de aprendizaxe variadas. Así mesmo recorrerase a vantaxe das novas tecnoloxías que o centro poña a disposición dos alumnos, como poden ser as aulas de informática, os encerados dixitais, o acceso a internet, etc...

Utilizarase dun xeito seleccionado, ademais do material facilitado pola profesora, artigos xornalísticos, contidos televisivos, vídeos, películas, presentacións en PowerPoint, consulta de páxinas web, textos de carácter científico, literario, enciclopedias, dicionarios especializados, monografías, manuais de psicoloxía,

materiais do profesor e, por suposto, textos referentes a materia. En canto a estes últimos pensamos que deben ser asequibles para o alumnado, proceder de diversos autores e dar unha visión variada das distintas correntes psicolóxicas.

8. AVALIACIÓN

8.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Teranse en conta os seguintes criterios de avaliación:

- Obter información relevante sobre un problema concreto a partir de materiais que proveñan de fontes diversas, elaborar a información, contrastala e utilizala criticamente.
- Analizar textos de psicoloxía, identificando o tema de que tratan, explicando os termos específicos que aparecen e relacionando o seu contido cos coñecementos adquiridos.
- Compoñer textos (orais ou escritos) que expresen de forma clara e coherente o resultado dunha reflexión, individual ou colectiva.
- Realizar, de forma individual ou en grupo, traballos monográficos acerca dalgún tema relacionado coa materia de interese para o alumnado.
- Caracterizar as principais cuestións tratadas nas unidades didácticas e identificar as distintas posturas que as diferentes teorías psicolóxicas dan ao respecto, valorando nuns e noutras a súa importancia para a comprensión do ser humano.
- Participar en sesións de discusións e diálogo, analizando temas de actualidade dende a óptica psicolóxica, confrontando as propias posicións coas mantidas por outros.

8.2 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar a materia terase en conta os seguintes factores:

- Probas escritas realizadas en clase durante o curso (exames).
- Traballos monográficos, elaborados de forma individual ou en grupo, así como as lecturas de libros ou fragmentos relacionados co temario. O manexo de diversas fontes de información valorase especialmente.

- O grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, as intervencións orais, as exposicións na aula, etc.

8.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota de cada avaliación sairá da valoración da proba ou probas escritas máis as notas das demais actividades realizadas polo alumno: traballos monográficos, comentarios de textos, probas sobre algunha lectura, etc., ponderando da seguinte forma: o 60% a proba de contidos e un 40% os demais traballos. A nota resultante non poderá ser inferior a 5. No caso de que non se acaden os obxectivos, se terá a opción de facer a correspondente recuperación, valorando neste caso os mesmos aspectos antes mencionados.

Cada avaliación terá a súa correspondente recuperación. A cualificación final obterase calculando a nota media das distintas avaliacións e, tendo en conta para redondear, a evolución e a actitude do alumno durante o curso. Aqueles alumnos que perdan o dereito de avaliación continua ou non recuperen as avaliacións suspensas, terán a posibilidade de presentarse a un último exame en xuño que consistirá nunha proba global final onde, tendo en conta os criterios desta programación aplicables ás probas escritas, haberá que garantir os contidos mínimos da programación.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente realizarase nas sucesivas reunións de departamento durante o curso escolar, especialmente despois de cada proceso de avaliación. Os indicadores de logro analizarán as seguintes dimensións:

- A diversidade: A adaptación da programación e a práctica docente ás características e necesidades dos alumnos.
- O seguimento da programación.
- As actividades da aula.
- O proceso de avaliación e o análise dos resultado do aprendizaxe dos alumnos.

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente servirá para adoptar medidas de mellora e introducir cambios na programación didáctica para adaptala ás necesidades do alumnado.

10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A materia de *Psicología* é de 2º de Bacharelato é por tanto non se da o caso da existencia de alumnos pendentes.

11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO (CAMBIOS DE MODALIDADE OU DE IDIOMA)

A Materia de *Psicología* é unha materia troncal de 2º BAC que non se ve afectada polos casos de cambios de modalidade ou de idioma por parte do alumnado. Non será necesario polo tanto organizar procedementos neste sentido.

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial realízase cando se emprende un novo percorrido educativo. Permite determinar os coñecementos previos do alumnado, que de algunha maneira están relacionados coa materia, en cada nova situación de aprendizaxe. Esta información orientará ao profesorado para decidir o enfoque didáctico e o grado de profundidade con que debe desenvolver os novos contidos. A avaliación inicial tamén permite detectar aquelas alteracións e disfuncións que poden interferir no proceso educativo e que precisan dunha atención especial, e valorala disposición emotiva do alumnado cara á materia.

Procedemento a seguir:

Ós alumnos farán unha proba de avaliación inicial de coñecementos previos, na que se efectúen preguntas relacionadas con distintos coñecementos, que teñan relación coa materia e nas que se poda analizar as competencias clave.

Duración: 1 ou 2 sesións.

Da análises dos resultados obtidos nesta proba, pódese deducir algunha incidencia en alumnos puntuais. No caso de que se detecte, por exemplo, alumnado con

deficiencias claras, comunicaráselle ao Departamento de Orientación para que se poidan tomar as medidas precisas.

Informarase aos alumnos de que este tipo de proba inicial é de carácter orientativo e, por tanto, non será avaliable.

Esta información sobre os coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas completarase cos informes do Departamento de Orientación e da Tutoría.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade (AD) é o conxunto de medidas que adopta o profesor para dar resposta ás necesidades individuais de cada un dos seus alumnos. O grupo aula lonxe de ser homoxéneo adoita estar integrado por alumnos con diferentes capacidades, con distintos ritmos de aprendizaxe e cunha ampla gama de intereses e motivacións. Na nosa PD asumimos e valoramos a diversidade como un feito natural, positivo e inherente á acción educativa. Esta diversidade non fai referencia unicamente aos alumnos con necesidades educativas especiais, senón ao conxunto de alumnos do grupo. Atenderase á diversidade a través de:

- Os sucesivos niveis de concreción, que permiten que o currículo sexa adaptado ás características e necesidades dos alumnos.
- A través da acción do profesor que procurará, na medida do posible, individualizar os procesos de ensino- aprendizaxe para atender a todos os alumnos do grupo, segundo as súas capacidades, características e ritmo de aprendizaxe.

A atención á diversidade é necesario entendela desde dous puntos de vista, como un principio de intervención de **carácter xeral**, que afecta ao conxunto do alumnado e que aparece na normativa para cada nivel educativo, e aquelas medidas que con **carácter específico** aplícanse a determinados colectivos que por distintas causas atópanse en situación desfavorecida. Considerase *Alumnado Con Atención Necesidades Específicas de Apoio Educativo* a:

- Alumnado con n.e.e.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Alumnos con integración tardía no S. E. español.

No caso de contar este curso con alumnado nestas circunstancias faríanse as adaptacións que sexan necesarias co asesoramento e colaboración do Departamento de Orientación

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais na LOMCE figuran no Artigo 4 do DOGA N° 120-29 Xuño 2015:

- 1 A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- 2 Fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- 3 Fomentáranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- 4 Promoveranse accións para a mellora da convivencia

15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR.

Este departamento colaborará no proxecto lector do centro e na consecución dos seus obxectivos, así como na dinamización da biblioteca e no fomento á lectura. Para a consecución deste compromiso utilizaranse tanto o material a disposición dos alumnos na biblioteca do centro, como os materiais aportados polo profesorado na aula: materiais gráficos e audiovisuais, libros e textos literarios, xornais, enciclopedias, dicionarios...

16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC.

Como en cursos anteriores, recorrerase á vantaxe das novas tecnoloxías que o centro pon a disposición dos alumnos, como poden ser os proxectores, as aulas de informática, os encerados dixitais, o acceso a internet, etc.. Isto permitirá a utilización de programas informáticos, distintos materiais en formato dixitalizado, consulta de páxinas web, blogs..., etc.

Por causa da actual pandemia de COVID-19 este ano habilitouse un aula virtual que pode facilitar o traballo da aula e utilizarse en caso que durante este curso haxa que recorrer á ensinanza non presencial.

17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA.

No Plan de Convivencia do centro establécense os criterios, obxectivos e procedementos polos que a comunidade educativa determina as accións de prevención e actuación para a convivencia entre os seus membros.

O Plan de Convivencia ten como finalidade a mellora da comunicación entre os distintos axentes da comunidade educativa e o desenvolvemento dos valores democráticos como a tolerancia, a apreciación da diversidade e o diálogo. Ademais establece os mecanismos para a prevención e resolución de conflitos.

O Seminario de Filosofía colaborará nas diferentes actuacións que se leven a cabo dirixidas ao uso de habilidades de socialización, estratexias de resolución de conflitos e, concretamente dende a materia de *Psicoloxía*, fará fincapé naqueles elementos do currículo que sirvan para fomentar os valores útiles para fundamentar a convivencia.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No presente presente curso, a organización de actividades complementarias e extraescolares está condicionada pola actual situación de pandemia. En caso de realizar algunha actividade, o departamento de Filosofía seguirá as indicacións da Programación Xeral Anual do centro para este curso.

19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Debemos ter en conta que todo proceso é susceptible de modificación, de maneira que a exposición teórica desta programación debe ser contrastada coa práctica da mesma dentro da aula. A avaliación da programación non é a simple medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón que é un elemento que regula o proceso educativo completo.

A programación é un instrumento que se elabora para que permaneza no tempo, sen embargo, para evitar que sexa un mero formalismo a nivel burocrático, é necesario introducir cambios e modificacións para que sexa útil e válida. Isto implica un proceso de avaliación continua da programación, converténdoa nun instrumento eficaz na organización da práctica pedagóxica, que de resposta e desenrole as finalidades educativas marcadas para o Bacharelato e, en concreto, para 1º de BAC. O longo do curso debemos ir detectando o grao en que os alumnos adquiren os contidos e os posibles erros ou fallos da programación. Unha forma de avaliar este proceso é propoñer unha serie de preguntas ós alumnos ó remate de cada un dos bloques que nos sirvan para recoller as súas achegas e propostas. Estas cuestións revisaranse nas sucesivas reunións de departamento

Este factores, así como a propia experiencia docente do profesorado, terémolos en conta ao avaliar a programación, co fin de mantela, melloralala ou reformala para adecualala á completa consecución dos obxectivos.